A Consellaría de Sanidade cébase coas persoas máis desfavorecidas, recortando orzamentos nos servizos sociais máis necesarios. Xa temos denunciado os [recortes que afectarán a drogodependencias](#). Tamén os recortes afectan gravemente á atención a enfermos/as de VIH-SIDA. Estes son os números:

## COMPARATIVA SUBVENCIÓNS VIH-SIDA POR AN

Partidas consignada nos orzamentos do SERGAS **

| Subvencións concedidas a entidades | ANO 2008<br>39 asociacions recibiron subvención | ANO 2010<br>28 asociacions recibiron subvención |
|---|---|---|
| Comité anti-SIDA de Coruña. | 44.352,00 € | 33.118,20 € |
| Comité anti-SIDA de Lugo. | 19.848,50 € | 15.612,80 € |
| Lazos pro-solaridade | 20.380,50 € | 21.238,00 € |
| Comité cidadán anti-sida de Ourense | 43.417,20 € | 32.398,80 € |
| Comité cidadán galego anti-sida | 23.572,50 € | 30.356,40 € |
| CANVIHAR Vilagarcía de Arousa. | 23.415,00 € | 33.226,40 € |
| Cruz vermella | 9.198,00 € | 8.003,20 € |
| Asoc. ALBORADA - VIGO. | 5.407,50 € | 5.362,80 € |
| Asociación FARAXA pola abolición da Prostitución | | 9.905,60 € |
| COLEGA GALICIA | | 11.857,20 € |
| Asociacións Restantes (subv. De menor entidade) | 63.787,80 € | 53.920,60 € |
| TOTAL SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS | 253.379,00 € | 255.000,00 € |

| Subvencións concedidas a UADs e Concellos | 18 Concellos recibiron subvención | 21 Concellos recibiron subvención |
|---|---|---|
| Catoira. | 1.450,00 € | 1.766,60 € |
| Lugo | 900,00 € | 664,30 € |
| O Grove | 875,00 € | non presentou |
| UMAD - Santiago de Compostela. | 5.500,00 € | 3.341,70 € |
| Resto de Concellos | 10.775,00 € | |
| TOTAL SUBVENCIÓNS A CONCELLOS. | 19.500,00 € | 21.000,00 € |

** No **ano 2012** hai un cambio na presentación de orzamentos do SERGAS: Mentras que no 2011 figuraban 2 partidas para proxectos sobre o VIH/SIDA, unha por valor de 149.061 para asociacións e outra de 12.276 destinada aos Concellos, no ano 2012 aparece unha partida conxunta para proxectos de VIH/SIDA (tanto de asociacións como de concellos) e tamén para

programas de prevención de drogodependencias de asociacións (estas antes aparecian xa desglosadas no orzamentos coa súa asignación). Esta partida figura por un total de **750.000 euros** .

** Qué significa isto: Dúas cousas, por un lado **pretenden "ocultar" o recorte ao xuntar as subvencións para proxectos de VIH/SIDA coas de prevención de Drogas** (só por esto ultimo a Xunta deu ao ano pasado máis de 1 millón de euros). E por outro lado, isto significa que **hai un cambio no xeito de outorgar as axudas de prevención de drogas ás asociacións, que pasan de ser convenios de financiamento anual a sair, con toda probabilidade, en concurrencia competitiva** (non sairán ata mediados de ano, non se sabe con que criterios e como se asignarán...).